

1.2 Importancia do sector en Galiza

Este primeiro capítulo aborda a dispoñibilidade e uso das tecnoloxías básicas nas organizacións que compoñen o tecido.

Este primeiro capítulo aborda a dispoñibilidade e uso das tecnoloxías básicas nas organizacións que compoñen o tecido asociativo galego.

1.2.1 Base tecnolóxica da asociación

A base tecnolóxica das asociacións é moi elemental, xa que solucións dun grao de complexidade maior do básico teñen niveis de penetración por baixo do 40%, incluíndo as redes de área local.

No referente a solucións de xestión, case a metade das asociacións ten algún sistema informático para este propósito, fundamentalmente para o ámbito económico-financeiro.

O correo electrónico está presente en case un 70% das asociacións: no caso máis habitual, a totalidade de traballadores na entidade dispoñen deste servizo.

Finalmente, o 30,7% das organizacións empregan software libre, fundamentalmente nos postos de usuario.

Son poucas as asociacións que dispoñen dunha base tecnolóxica avanzada. De feito, a rede local só está presente no 38% das mesmas e unicamente unha de cada cinco dispón de servidores para albergar datos da entidade. A Figura 1 detalla a dispoñibilidade de equipamento tecnolóxico.




Figura 1: Equipamento tecnolóxico básico das asociacións galegas.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

Polo que se refire aos sistemas informáticos de xestión, case a metade das asociacións fai uso dos mesmos, concretamente o 47,5%. Do mesmo xeito que nas pequenas empresas, o ámbito de aplicación principal é a xestión económico-financeira, o que ocorre en nove de cada dez casos (89,9%). O segundo ámbito de emprego destas ferramentas é para a xestión de información relativa ao persoal e aos membros da asociación (53,4%).




Figura 2: Presenza de sistemas informáticos de xestión nas asociacións galegas, segundo ámbito de actividade.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

En canto aos medios telemáticos de comunicación, a presenza do correo electrónico é maioritaria: o 68,5% das asociacións galegas posúen como mínimo unha conta. Aínda que a heteroxeneidade, incluso dentro de cada un dos colectivos identificados, é grande, na Figura 2 pódese observar como en aquelas entidades a priori dun carácter máis profesional ou dunha magnitude maior, a presenza do correo electrónico é maior.




Figura 3: Asociacións que dispoñen de como mínimo unha conta de correo electrónico, en función do ámbito da asociación.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

É interesante notar como, aínda que a distribución da porcentaxe de traballadores permanentes que ten acceso á Internet é irregular, predomina o escenario no que unha porcentaxe moi alta, se non a totalidade, dos mesmos dispoñen de acceso ao correo electrónico.




Figura 4: Porcentaxe de traballadores permanentes que teñen acceso a correo electrónico (relativo a empresas con como mínimo unha conta de correo electrónico).

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

Esta alta presenza do correo electrónico apréciase nos niveis de uso do fax. Como se observa na Figura 5, case o 60% das asociacións - un nivel en liña coa dispoñibilidade de correo electrónico - fan un uso baixo ou moi baixo do fax; só un 6% das organizacións declara remitir a maioría ou toda a documentación por fax.




Figura 5: Nivel de uso do fax nas asociacións galegas.

Fonte. Enquisas do Observatorio Galego da SI ⁽¹⁾

As asociacións foron tamén preguntadas pola conectividade entre as súas diferentes sedes operativas. Tendo en conta que só o 18,6% das entidades declara dispor de máis dunha sede, nesta proporción algo menos da metade (o 46%) dispón de conectividade de datos entre localizacións.

Para pechar esta apartado, analízase a presenza do software libre nas asociacións. Case un terzo destas, o 30,7% empregan este tipo de solucións. O destino principal é

o posto de usuario: unha cuarta parte das entidades dispoñen de ferramentas de produtividade ou doutro tipo de aplicacións de escritorio baseadas en software aberto.




Figura 6: Niveis de uso do software libre nas asociacións galegas por ámbito de aplicación.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

1.2.2 Seguridade

Unha de cada seis asociacións galegas sufriu problemas de seguridade no último ano, case exclusivamente debidos a virus informáticos.

En resposta a esta situación, dous terzos das entidades dispoñen de elementos de seguridade actualizados, especialmente antivirus.

Só o 15% das asociacións ten declarados arquivos con datos de carácter persoal na APD.

O 15,70% das asociacións galegas sufriron no último ano problemas de seguridade pola causa máis habitual, os virus informáticos. É residual a presenza doutra tipoloxía de problemas sufridos.




Figura 7: Problemas de seguridade que as asociacións sufriron durante os últimos doce meses.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

Ante esta situación, o 64,5% das organizacións adoptou algún tipo de medida de seguridade. A práctica totalidade destas dispón de sistemas antivirus actualizados. Chaman a atención os baixos niveis de emprego das devasas (un 29,9%; máis adiante vese que o 64% das asociacións dispoñen de acceso á Internet) e de asociacións con arquivos informáticos con datos de carácter persoal rexistrados na Axencia de Protección de Datos (un 14,9%).




Figura 8: Elementos actualizados de seguridade que posúen as asociacións galegas.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

1.2.3 Axudas públicas para incorporación das TIC

O 80% das asociacións galegas teñen pouco ou ningún coñecemento sobre as axudas dispoñibles para a incorporación das TIC.

Nos tres últimos anos, só unha cuarta parte deste tecido recibiu axudas en TIC, que foron destinadas principalmente a investimento en equipo e redes e en presenza na Internet.

O grao de coñecemento por parte das asociacións galegas das axudas TIC ás que poden optar é moi baixo. O 79,2% declaran coñecer pouco ou nada sobre estas; só o 16% son claramente conscientes de que tipo de apoio poden recibir para a implantación das TIC.





Figura 9: Coñecemento por parte das asociacións galegas das axudas TIC dispoñibles.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

O 25,3% das asociacións galegas recibiron algún tipo de axuda para a incorporación das TIC nos últimos tres anos. Estas axudas maioritariamente destináronse a investimento en equipo e redes, así como a presenza na Internet. A Figura 10 representa a distribución de destinos das axudas concedidas.



- Investimento de equipo e redes
- Investimento en presenza na Internet
- Formación Tecnoloxías da Información
- Investimento en software
- Contratación de persoal TIC

Figura 10: Axudas recibidas polas asociacións galegas en relación coas TIC.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾

Considerouse interesante analizar cales son, para as asociacións, os ámbitos de axuda máis interesantes para o desenvolvemento da súa presenza na Internet, como aspecto particular do seu fortalecemento tecnolóxico. A axuda económica directa é o apoio máis valorado, seguido dos servizos de deseño e creación da páxina.




Figura 11: Valoración das liñas de apoio da Administración para a implantación da páxina web nas asociacións.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽¹⁾